



Resolución de aprobación das listas definitivas de reservas en segundas ou posteriores adxudicacións de vivendas vacantes de promoción pública , no concello de POBRA DO BROLLON

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : Vacantes existentes durante a vixencia da lista	VIXENCIA DA LISTA: 31.12.2019	
LOCALIZACIÓN: POBRA DO BROLLON	CONCELLO: POBRA DO BROLLON	PROVINCIA: LUGO

Unha vez rematado o trámite de reclamacións á lista provisional de reservas, aprobada por resolución de data 03 de maio de 2019, tendo en conta o procedemento establecido no Decreto 1/2010 polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada con data 5 de xullo de 2019

RESOLVE

1. Aprobar as listas definitivas de reservas ao abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010.
2. Publicar ditas listas na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial de Lugo e no concello.

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., ou ben poderán impugnala directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 de Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública, no lugar do recurso de reposición poderá dirixir ao órgano competente, no prazo de dous meses, o requirimento previo previsto no artigo 44 da LXCA.

Lugo, 5 de xullo de 2019

A presidenta da Comisión Provincial de Vivenda
Margarita López Blanco





VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : Vacantes existentes durante a vixencia da lista	VIXENCIA DA LISTA: 31.12.2019	
LOCALIZACIÓN: POBRA DO BROLLON	CONCELLO: POBRA DO BROLLON	PROVINCIA: LUGO

ANEXO: LISTA DEFINITIVA DE RESERVAS.

Lista de reservas

Credencial: 86161 -- MARIAN MARTINEZ MARTINEZ

Credencial: 88141 -- MARIA CASTILLO BALADO

Lista de excluídos:

Non existen

Motivos de exclusión:

- 1- A modificación sobrevenida das circunstancias persoais que provoquen unha imposibilidade real de acceder a vivenda ou a inadecuación da vivenda as novas circunstancias da unidade familiar ou de convivencia.
- 2- Cando quede debidamente acreditado a imposibilidade de conseguir o financiamento das entidades de crédito para o pagamento da vivenda.
- 3- A superficie insuficiente da vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique. A tal efecto superficie insuficiente a sinalada no artigo 47.b da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- 4- Que en base a circunstancias persoais ou familiares se determine que a vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique, é inadecuada por causa de mobilidade de conformidade co establecido no artigo 47.c da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- 5- Resultar propietario dunha vivenda
- 6- Desistimento, non entregar a documentación requirida.
- 7- Renuncia voluntaria.
- 8- Os ingresos ponderados (2017) non acadan 0,7 veces o IPREM
- 9- Os ingresos ponderados (2017) superan 2,5 veces o IPREM
10. Algún membro da unidade familiar incumpre obrigas
11. Non está empadroadado no concello onde radican as vivendas
12. Baixa no Rexistro Demandantes.
13. Adxudicatario definitivo dunha vivenda polo Rexistro de Demandantes

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado electronicamente

